

CURVA ESPAÑA, A NOVA CREACIÓN DE CHÉVERE EN XIRA

Santiago de Compostela, outubro 2019

A nova creación de Chévere estreouse o 25 de xullo de 2019 na **MIT de Ribadavia**, que ademais é co-produtora xunto a **Teatros del Canal (Madrid)** e **Concello de Teo**. En setembro iniciou unha xira que se prolongará durante toda a tempada, con actuacións confirmadas en Carballiño, Verín, Compostela, A Coruña, Narón, O Barco, Gondomar, Universidade de Vigo, Lalín, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Madrid, Eibar e Barakaldo.

Este novo traballo está protagonizado por **Patricia de Lorenzo** e **Miguel de Lira**, con dramaturxia e dirección de **Xron**. En escena tamén están **Lucía Estévez** e **Leticia T. Blanco**, que se ocupan da gravación e realización de vídeo en directo. Ademais, a obra conta coa participación de **Fidel Vázquez** (iluminación), **Óscar Villán** (espazo gráfico), **Xacobe Martínez Antelo** (espazo sonoro), **Renata Uzal** (vestiario) e **Inés Portela** (producción).

CURVA ESPAÑA

A historia da curva na que se matou España

Nos últimos anos Chévere realizou unha serie de traballos que exploraron as posibilidades do **teatro-documento** e a **memoria colectiva** como desencadeantes dunha ficción teatral (*Citizen*, *Eurozone*, *Eroski Paraíso...*). Este novo proxecto é un paso máis para afondar nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a **realidade e a ficción**, entre a **historia e a lenda**, entre a **pantalla e o escenario**.

Coma outras veces, **partimos dunha historia moi local**. Nesta ocasión trátase dun relato que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense), durante os últimos noventa anos. Recollemos in situ os testemuños da xente, os seus recordos e as súas palabras. Organizamos o rexistro de todo este traballo en gravacións sonoras ou en vídeo. E con todo este material metémonos no local de ensaios para darlle forma teatral. Gústanos poñer a idea en movemento sabendo de onde partimos, pero sen saber exactamente a onde chegaremos

Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, artellamos unha peza que bebe do xénero policial, ironiza sobre o formato documental combinando teatro e cine en directo e funciona como unha alegoría da construción do estado nación español coma se fose a promesa dun tren que nunca chegou. Porque a esta zona afastada e fronteiriza España apenas chegou en forma de mito, e o mito fala da súa morte nunha curva.

Curva España é a traslación á escena dun deses documentais sobre casos sen resolver (true crime) que inzan as plataformas de contidos audiovisuais tipo Netflix ou HBO. O escenario funciona coma un plató no que se van executando, gravando e editando en directo as distintas secuencias nas que se estrutura a historia. Unha historia que dá para falar da España Baleirada, das consecuencias da Lei Mordaza sobre a liberdade de expresión, da unidade nacional ou de como a xente constrúe narrativas alternativas á historia oficial. Pódese describir como unha obra cinescénica, unha autoficción documental ou un triller, sen renunciar a seguir facendo un teatro político que fala de nós mesmos e de como as promesas incumpridas do pasado afectan ao presente.

+ info: <http://redenasa.tv/gl/residencias/curva-espana/>